



REGULAMENTO DE PRECOLEXIACIÓN

I.- OBXECTO

O presente regulamento, aprobado na reunión ordinaria da Xunta de Goberno, do 21 de xullo de 2021 e modificado en reunión ordinaria do día 2 de maio de 2024; nace pola necesidade de regular o procedemento administrativo de precolexiación que o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense pon ao dispor dos/as estudantes (independentemente do ano que estean a cursar) da carreira do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos que cumpran determinados requisitos.

Ten como finalidade facilitarlle a introdución no colectivo profesional no que debe integrarse ao finalizar os seus estudos, todo iso de conformidade co establecido no artigo 6 apartado g) dos Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense (Orde do 2 de abril de 2013 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense. DOG núm. 79 do 24 de abril de 2013).

II.- FIGURA DA PRECOLEXIACIÓN

Trátase dunha figura transitoria previa á colexiación. Créase para dar acceso aos/as estudantes da carreira do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e que desexan incorporarse ao Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

Para cumprir coa función de facilitar o acceso ao Colexio das futuras persoas profesionais do seu ámbito, para o seu coñecemento a precolexiación difundirase en todos os espazos e medios do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

III.- REQUISITOS

- 1) Ser estudante do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- 2) Presentar a solicitude de alta, acompañada da documentación requirida, antes do 30 de setembro de cada ano.
- 3) Non estar en posesión dalgún título que habilite para o exercicio da profesión de Graduado Social.

IV.- DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR A PRECOLEXIACIÓN

- 1) Solicitude de alta
- 2) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou Tarxeta de Identificación Estranxeiro, en vigor.
- 3) Xustificante da matrícula universitaria do curso actual ou certificación expedida pola secretaría da Facultade.
- 4) Fotografía tamaño carné.

V.- COTA

A **cota de precolexiación será gratuíta** e cubrirá todo o curso académico, comezando o 1 de outubro do ano en curso e finalizando o 30 de setembro do ano seguinte.

A Xunta de Goberno, unha vez comprobado que o solicitante cumpre cos requisitos anteriormente mencionados, concederá a inscrición e notificarao á persoa interesada.

VI.- DURACIÓN

A precolexiación estará vixente desde a data da súa aceptación pola Xunta de Goberno, ata o final do curso académico en vigor, debendo renovarse pola persoa interesada en cada curso académico.

VII.- DERECHOS

Recibir o carné de precolexiado/a con validez para toda a etapa de precolexiación.



REGULAMENTO DE PRECOLEXIACIÓN

Acceder a descontos e ofertas conseguidas para as persoas colexiadas, de acordo coas empresas que ofrecen estes descontos e ofertas.

Participar nas actividades formativas (xornadas, seminarios, charlas, ...) que se realicen desde o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense en calidade de precolexiado/a en as condicións que se indiquen na súa convocatoria.

Será obrigatoria a inscrición nas mesmas coas seguintes condicións:

Actividades formativas organizadas polo Colexio:

- Sen custo para colexiados/as = sen custo para precolexiados/as
- Con custo para colexiados/as = mesmo custo que colexiados/as non exercentes (no caso que haxa diferenzas de custo) para precolexiados/as
- Actividades formativas nas que colabora o Colexio: No caso de ter custo, as condicións serán as mesmas para colexiados/as que precolexiados/as, podendo acollerse no seu caso ás posibles bonificacións que se establezan polos organizadores

Actividades formativas promovidas polo Consello Xeral de Colexios de Graduados Sociais: Estarase ao disposto polo Consello Xeral de Colexios de Graduados Sociais para cada caso. No caso de ter custo, as condicións serán as mesmas para colexiados/as que precolexiados/as, podendo acollerse no seu caso ás posibles bonificacións que se establezan

NOTA: Se fose necesario, a participación por parte de precolexiados/as estará sometida a un número determinado de prazas que se determinará e informará previamente segundo a actividade formativa que se vaia a impartir, sendo a asistencia limitada e por orde de participación.

Recibir circulares, notas de prensa, publicacións e demais información que remita o Colexio.

NOTA: En ningún caso recoñeceranse dereitos de sufraxio, activo ou pasivo a precolexiados/as. A condición de precolexiado/a non facultará de ningún modo para o exercicio profesional.

VIII.- OBRIGACIÓNS

- 1) Acatar o disposto neste regulamento de precolexiación e pola Xunta de Goberno do Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.
- 2) Participar, dentro do respecto aos demais, do uso e goce dos bens e servizos do Colexio nas condicións establecidas no presente regulamento.
- 3) Identificarse como precolexiado/a cando se lle requira para a obtención dos beneficios asociados á súa condición.
- 4) Proceder ao trámite de precolexiación anual e ao pago da cota anual.

IX.- PERDA DA CONDICIÓ DE PRECOLEXIADO

A condición de precolexiado/a perderase como consecuencia de calquera das seguintes situacións:

- 1) Petición de baixa expresa e por escrito da persoa interesada ante o Colexio.
- 2) Falta de renovación no prazo establecido.
- 3) Finalización dos estudos que conduzan á obtención do título.
- 4) Incumprimento das obrigacións que se adquieren como precolexiado/a.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Única: A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense coa periodicidade que considere necesaria, poderá revisar este regulamento.